

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E RÍAS BAIXAS DE COMUNICACIÓN SA, PARA POTENCIAR O USO DO IDIOMA GALEGO A TRAVÉS DO XORNAL ATLÁNTICO DIARIO

En Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Carlos Jesús Barbosa Lorenzo, con DNI 34956139A en representación de Rías Baixas de Comunicación S.A., con CIF núm. A36643674, que asina de conformidade co establecido na escritura de poder notarial autorizada polo notario Don Fernando Martínez-Gil Fluxá, de data 17 de abril de 2015.

EXPOÑEN

Un.- Que as dúas partes comparecentes consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 3º.2 da Constitución española sobre a oficialidade das outras linguas españolas nas respectivas comunidades autónomas, e o artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia, que establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos potenciarán o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Dous.- Que, así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da Comunidade Autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Tres.- Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade. Que así mesmo, as partes convenientes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, estendendo o seu uso ao ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais, establecendo entre as súas actuacións, a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para o seu reforzamento no ámbito socioeconómico.

Catro.- Que dentro destes obxectivos se enmarcan as actividades que para incrementar o uso do galego na sociedade promove Rías Baixas de Comunicación SA, a través do seu xornal Atlántico Diario, medio de comunicación galego comprometido no proceso de normalizar a lingua galega, o cal vén colaborando coa Xunta de Galicia desde hai anos para estender o uso da lingua galega a través do xornal Atlántico Diario, un dos xornais galegos de prensa escrita que conta cun número considerable de lectores na Comunidade Autónoma galega ofrecendo diariamente informacións en lingua galega que, ao seren de contido variado, suporán un paso importante para a normalización lingüística e a implicación da sociedade neste proceso no que sobran prexuízos lingüísticos.

Cinco.- Que a EGM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as estatísticas dos medios de comunicación, na 3ª oleada no ano 2018 estimou que Atlántico Diario tiña unha audiencia 6.000 lectores diarios.

Seis.- Que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é a titular das competencias definidas en materia de normalización lingüística. Para poder cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización da lingua galega e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, ten en conta a grande repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación como instrumentos moi eficaces para potenciar o uso do galego entre a cidadanía.

Sete.- Que neste sentido quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os medios de comunicación galegos de prensa escrita cos que asinará convenios de colaboración atendendo aos criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006 relativo á subscrición de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación referidos ao emprego da lingua galega nas páxinas dos seus xornais.

Trátase dunha actuación singular e de interese xeral polo que non resulta posible promover a concorrência.

Oito.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o de contribuír á normalización da lingua galega a través dun medio de comunicación tan importante como é a prensa co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza do galego na prensa diaria de Galicia.

Polo exposto, ambas as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o 2019 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Rías Baixas de Comunicación SA a través do xornal Atlántico Diario , para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e

conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a potenciar o uso do idioma galego nas páxinas do xornal *Atlántico Diario*, e lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade.

Segunda.- Obrigas de Atlántico Diario

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura do presente convenio Rías Baixas de Comunicación SA, a través do xornal Atlántico Diario, comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- . Cobertura informativa sobre liñas de actuación, programas e proxectos incluídos no ámbito competencial da Consellería de Cultura e Turismo mediante actuacións periódicas de divulgación elaboradas polo medio de comunicación que pola súa repercusión social sexa de interese para o seu coñecemento xeral pola sociedade, nomeadamente difusión das actividades da rede de dinamización lingüística e dos plans elaborados ou en fase de elaboración para a dinamización da lingua galega no tecido económico, social, mocidade, TICs.....
- . Transcribir literalmente no xornal as entrevistas e declaracións feitas en galego.
- . Transmitir o apoio á lingua galega, dándolles a coñecer aos usuarios a decisión da empresa de utilizar o idioma galego nas notas necrolóxicas como unha opción lingüística.
- . Promover que os usuarios das edicións en galego poidan subir ás redes sociais noticias en galego.
- . Ampliaranse, en relación co ano anterior os contidos no xornal o 17 de maio Día das Letras Galegas e o 25 de xullo Día de Galicia, mediante a elaboración e publicación en lingua galega de reportaxes, entrevistas ou informes de especial

importancia para a lingua e a cultura galegas en suplementos especiais ou edicións locais do xornal, relacionados con temas informativos referidos a estas datas de especial relevancia para Galicia que, pola súa repercusión social, sexan de interese para o coñecemento xeral da sociedade galega.

Favorecer a cobertura de novas que teñan que ver coa promoción da lingua, especialmente as presentacións das principais campañas de dinamización lingüística.

As actuacións publicaranse de modo regular, e prioritariamente, en domingo ao longo da vixencia deste convenio.

Terceira.- Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio, malia iso, a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá formular verbo dos datos e informacións elaboradas as observacións que estime pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.

Cuarta.- Obrigas da Consellería

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do presente convenio.

Quinta.- Financiamento

O orzamento total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **1.845,50 €** que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes:

- A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización destas accións cunha achega máxima de **1.610,71 €** cantidade na que se inclúen todos os impostos legais vixentes, con cargo á partida 11.40.151A.640.5 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2019.

- Rías Baixas de Comunicación SA achegará a cantidade restante de **234,79 €**

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Dereitos sobre as actuacións divulgativas e os resultados

O material divulgativo xerado pola realización das actividades obxecto deste convenio será de titularidade e uso común das partes asinantes, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, o protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes poderán usar o material divulgativo realizado ao abeiro deste convenio para fins de interese público, de xeito gratuíto e co consentimento expreso da outra parte. Farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprometése a facer mención da outra parte deste convenio.

Sétima.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Rías Baixas de Comunicación SA, percibirá a cantidade que achega a consellería en dous pagamentos , que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de **805,00 €**, cando se leve executado aproximadamente o 50% das actividades previstas no convenio.
- O segundo, por importe da cantidade restante de **805,71 €** ao remate da vixencia do convenio.

Para percibir o primeiro pagamento Rías Baixas de Comunicación S.A. presentará electronicamente a seguinte documentación:

- Certificación na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.

- Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- En formato dixital as informacións, reportaxes e/ou artigos publicados.

Para percibir o segundo pagamento Rías Baixas de Comunicación SA, presentará electronicamente, con data límite de 10 de decembro de 2019, a seguinte documentación:

- . Certificación na que se acredite que as actividades se realizaron de acordo co establecido neste convenio.
- . Certificación detallada asinada por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas. Incluirá a xustificación detallada dos gastos asumidos pola empresa editora para a realización da publicación ou publicacións que correspondan.
- . Un informe dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . En formato dixital as informacións, reportaxes e/ou artigos publicados.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da consellería diminuírase proporcionalmente.

A entidade procurará utilizar a lingua galega en toda sas comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

Rías Baixas de Comunicación SA, facilitará toda a información que lle requira a Consellería, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura do presente convenio e para o seu pagamento, Rías Baixas de Comunicación S.A. deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Oitava.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo coas vixentes *normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003*, segundo se establece na disposición adicional da lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10º da citada lei.

Novena.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha comisión de seguimento paritaria, constituída por dous representantes de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes de Rías Baixas de Comunicación, SA.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 10 de decembro de 2019. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e maila Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, poderá avaliar a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.

2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste convenio <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-protección-datos> e www.atlantico.net conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso,

rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico sxt.cultura.turismo@xunta.gal e, á sede de Rías Baixas de Comunicación Avenida das Camelias nº104-Baixo 36211 Vigo (Pontevedra) ou no seu correo electrónico dalonso@laregion.net. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto

refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan este convenio.

Pola Consellería de Cultura e Turismo

Por Rías Baixas de Comunicación SA

Román Rodríguez González

Carlos Jesús Barbosa Lorenzo